



**Procedemento:** Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

**Número de expediente:** 494/2023

**Asunto:** Resolución da Alcaldía procedendo á admisión dos interesados no procedemento de selección, nomeamento do tribunal e data de exame. Peóns para as obras de Adecuación Avda. de Galicia e Acondicionamento de accesos en Seoane

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 195 en data do 25 de agosto de 2023, co obxecto da contratación temporal de 2 peóns para as obras de Adecuación Avda. de Galicia e Acondicionamento de accesos en Seoane.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión en proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, respecto da praza seguinte:

Denominación do posto	Peón
Réxime	Persoal laboral temporal
Categoría profesional	Peón
Titulación exixible	Certificado de escolaridade
Sistema selectivo	Oposición
Número de vacantes	2
Xornada	100 %





E examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
López Sánchez, Manuel	***6786**	
Osorio Mon, Antonio	***2191**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

**SEGUNDO.** Posto que non hai ningún aspirante excluído, elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos.

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
López Sánchez, Manuel	***6786**	
Osorio Mon, Antonio	***2191**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

**TERCEIRO.** Nomear ao tribunal de selección coa seguinte composición:





- **Presidente:** Medardo Monteagudo López, empregado do Concello de A Fonsagrada
- **Vogais:** José Antonio Carreira Méndez, empregado do Concello de A Fonsagrada;  
César Arias Fernández, empregado do Concello de A Fonsagrada  
Alicia Fernández López, empregado do Concello de A Fonsagrada
- **Secretaria:** Ana María Méndez Enríquez, empregada do Concello da Fonsagrada

**CUARTO.** Convocar aos aspirantes á realización do primeiro exercicio o día: **06 de setembro ás 9:00 Horas no Salón de Plenos do Concello de A Fonsagrada.**

O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica e realizarase o mesmo día unha vez corrixidos e publicados os resultados do primeiro exercicio.

**QUINTO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección e a data dos exames na sede electrónica deste Concello con expresa indicación do réxime de recursos:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

*En A Fonsagrada\_ na data indicada ao marxe*

O Alcalde-Presidente

*Carlos López López*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

